



## ACTA DA SESIÓN CONSTITUTIVA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL REALIZADA EN DATA 17 DE XUÑO DE 2023

En Cambre, ás doce horas do día dezasete de xuño de dous mil vinte e tres, reúnen no salón de sesións da casa consistorial, logo da oportuna convocatoria, os concelleiros e concelleiras electos que de seguido se relacionan, os cales foron proclamados electos os días 4 e 15 de xuño de dous mil vinte e tres pola Xunta Electoral de Zona da Coruña como consecuencia dos resultados das últimas eleccións locais que tiveron lugar o pasado 28 de maio, e que constitúen a totalidade dos/as concelleiros/as electos/as desta Corporación, coa finalidade de celebrar a sesión pública constitutiva da Corporación municipal.

### CONCELLEIROS/AS ELECTOS/AS ASISTENTES

#### **Polo Partido dos Socialistas de Galicia - PSOE (PSdeG-PSOE)**

D. DIEGO ALCANTARILLA REI  
D.<sup>a</sup> MARÍA MERCEDES PRIETO LAMAS  
D.<sup>a</sup> PATRICIA MARÍA PARCERO QUIÑOY  
D.<sup>a</sup> ANA RODRÍGUEZ LÓPEZ

#### **Por Alternativa dos Veciños (AV)**

D. RAÚL VARELA FRAGUÍO  
D. MANUEL CASTRO UZAL

#### **Por Unión por Cambre (UxC)**

D. ÓSCAR ALFONSO GARCÍA PATIÑO  
D.<sup>a</sup> MARÍA DOLORES PAN LESTA  
D. DANIEL MALLO CASTRO  
D. JUAN GONZÁLEZ LEIRÓS  
D.<sup>a</sup> MARÍA CARMEN PAN MATOS  
D. RAMÓN BOGA MOSCOSO  
D. DAVID LÓPEZ SABORIDO

#### **Polo Partido Popular (PP)**

D.<sup>a</sup> DIANA PIÑEIRO FERNÁNDEZ  
D.<sup>a</sup> MARÍA ELENA LAUDA FERNÁNDEZ  
D.<sup>a</sup> PATRICIA ESTHER ESPIÑEIRA GALÁN  
D. RUBÉN VÁZQUEZ PÉREZ  
D. OMAR GONZALO LAMELA VÁZQUEZ

#### **Polo Bloque Nacionalista Galego (BNG):**

D. DANIEL CARBALLADA RODRÍGUEZ  
D.<sup>a</sup> MARÍA TERESA PRIETO MIRAMONTES  
D. BRAIS CUBEIRO FERNÁNDEZ

Asiste á sesión a interventora municipal, D.<sup>a</sup> Lucía Mata Rodríguez, e dá fe do acto a secretaria xeral, D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1º do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión constitutiva da Corporación municipal do día 17 de xuño de 2023, que xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video\_202306171000150000\_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que no punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

A Sra. secretaria declara aberta a sesión e dá lectura ás disposicións aplicables á constitución dos concellos establecidas no artigo 195.1 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral.

## 1.- FORMACIÓN DA MESA DE IDADE

### **Acceso á videoacta – 00:03:00 horas**

A continuación, a Sra. secretaria chama aos concelleiros electos de maior e menor idade co obxecto de constituír a Mesa de idade, que de conformidade co disposto no artigo 195.2 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, na súa redacción actual, estará constituída polo concelleiro electo de maior idade, D. Juan González Leirós, de Unión por Cambre, que actuará como presidente, polo concelleiro electo de menor idade, D. Rubén Vázquez Pérez, do Partido Popular, e pola secretaria xeral da Corporación, que invita aos primeiros a que suban ao estrado e ocupen os lugares destinados para o efecto, quedando deste xeito constituída a Mesa de idade.

A continuación, a Sra. secretaria dá lectura ao nome e apelidos de cada un dos/as candidatos/as electos/as que figuran na Acta de proclamación de electos de data 4 de xuño de 2023, remitida pola Xunta Electoral de Zona da Coruña, e na acta do acordo adoptado en data 15 de xuño de 2023. Informa que todos/as os/as candidatos/as electos/as presentaron as declaracións de bens patrimoniais e da participación en sociedades, e as declaracións de actividades, así como que as súas credenciais obran na Secretaría Xeral.

Seguidamente a Mesa de idade, de conformidade co previsto no artigo 195.3 da LOREX comproba as credenciais presentadas con base nas actas de proclamación remitidas pola Xunta Electoral de Zona da Coruña.

O presidente da Mesa manifesta que comprobado que se teñen presentado as credenciais e as declaracións de bens patrimoniais e de actividades e outras causas de posible incompatibilidade por todos/as os/as candidatos/as electos/as e que asisten á sesión a totalidade dos/as concelleiros/as, cúmprese co requisito da maioría esixida pola normativa vixente para a celebración da sesión constitutiva, procedéndose de seguido ao xuramento ou promesa e toma de posesión dos cargos de concelleiros/as.

## 2.- XURAMENTO OU PROMESA E TOMA DE POSESIÓN DOS CARGOS DE CONCELLEIROS/AS

### **Acceso á videoacta – 00:07:46 horas**

De seguido pásase ao xuramento ou promesa do desempeño do cargo polos concelleiros e concelleiras electos segundo a fórmula establecida polo Real decreto 707/1979, do 5 de abril. A Sra. secretaria chama a cada un dos concelleiros e concelleiras electos seguindo a orde de lista máis votada á lista menos votada, e dentro de cada lista polo lugar que ocupan nela os concelleiros e concelleiras electos, sendo os últimos en prestar xuramento ou promesa, por esta orde, o vogal e presidente da mesa. A medida que son chamados, os/as concelleiros/as

electos/as, un a un, prestan xuramento ou promesa.

Trala toma de posesión dos cargos de concelleiros/as, o Sr. presidente da Mesa de idade manifesta que, cumpridos os requisitos legais e finalizado o acto de xuramento ou promesa, a Mesa de Idade declara validamente constituída a nova Corporación resultante das eleccións locais celebradas o 28 de maio de 2023, e que a continuación se levará a cabo a elección do alcalde.

### 3.- ELECCIÓN DE ALCALDE

#### Acceso á videoacta – 00:18:21 horas

A continuación, con permiso da Presidencia, intervén a Sra. secretaria e dá lectura ao artigo 196 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral; explica que, de conformidade coa doutrina da Xunta Electoral Central, no caso de que un cabeza de lista manifeste que non desexa ser candidato, preguntárase ao seguinte e así sucesivamente co resto dos integrantes da lista; e informa sobre o sistema de votación para a elección de alcalde.

Seguidamente intervén o Sr. Presidente da Mesa de idade e manifesta que os/a concelleiros/a que encabezan as correspondentes listas son os seguintes:

- D. Óscar Alfonso García Patiño, de Unión por Cambre
- D.<sup>a</sup> Diana Piñeiro Fernández, do Partido Popular
- D. Diego Alcantarilla Rei, do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE
- D. Daniel Carballada Rodríguez, do Bloque Nacionalista Galego
- D. Raúl Varela Fraguío, de Alternativa dos Veciños

e pregunta que concelleiros/a dos que encabezan as listas presentan a súa candidatura, contestando afirmativamente: D. Óscar Alfonso García Patiño (UxC), D.<sup>a</sup> Diana Piñeiro Fernández (PP) e D. Diego Alcantarilla Rei (PSdeG-PSOE), e manifestan que non presentan candidatura D. Daniel Carballada Rodríguez (BNG) e D. Raúl Varela Fraguío (AV).

Ante a renuncia dos números 1 das listas do BNG e AV pregúntase aos restantes integrantes das ditas listas se presentan candidatura, ao que responden en sentido negativo.

De seguido intervén o Sr. presidente da Mesa de idade e manifesta que oídas as respostas son proclamados candidatos/a ao cargo de alcalde/sa do Concello de Cambre os/a seguintes:

- D. Óscar Alfonso García Patiño, de UxC
- D.<sup>a</sup> Diana Piñeiro Fernández, do PP
- D. Diego Alcantarilla Rei, do PSdeG-PSOE

A continuación, determínase o sistema de votación para a elección de alcalde. Polo Sr. presidente da Mesa de idade propónse que o sistema de votación sexa a votación nominal.

D. Diego Alcantarilla Rei, do PSdeG-PSOE, propón que o sistema de votación sexa o de votación secreta.

A Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro D. Diego Alcantarilla Rei, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Nove (9), dos/as Sres./as: Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parceros Quiñoy, Rodríguez López, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes, Cubeiro Fernández, Varela Fraguío e Castro Uzal.

Votos en contra: Doce (12), dos/as Sres./as: García Patiño, Pan Lesta, Mallo Castro, González Leiros, Pan Matos, Boga Moscoso, López Saborido, Piñeiro Fernández, Lauda Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez e Lamela Vázquez.

Abstencións: Ningunha (0).

Á vista do resultado da votación, non resulta aprobada a proposta de votación secreta, ao non acadar a maioría absoluta dos votos dos membros da Corporación.

O Sr. presidente da Mesa de Idade manifesta que, polo tanto, a votación será nominal, sen que ningún dos presentes amose a súa disconformidade.

Seguidamente, a Sra. secretaria procede ao chamamento dos/as concelleiros/as por orde alfabético de apelidos, nomeando en último lugar ao presidente da Mesa de idade, co seguinte resultado:

<b>Relación de concelleiros/as</b>	<b>Sentido do seu voto</b>
Diego Alcantarilla Rei	Diego Alcantarilla Rei
Ramón Boga Moscoso	Óscar Alfonso García Patiño
Daniel Carballada Rodríguez	Diego Alcantarilla Rei
Manuel Castro Uzal	Diego Alcantarilla Rei
Brais Cubeiro Fernández	Diego Alcantarilla Rei
Patricia Esther Espiñeira Galán	Diana Piñeiro Fernández
Óscar Alfonso García Patiño	Óscar Alfonso García Patiño
Omar Gonzalo Lamela Vázquez	Diana Piñeiro Fernández
María Elena Lauda Fernández	Diana Piñeiro Fernández
David López Saborido	Óscar Alfonso García Patiño
Daniel Mallo Castro	Óscar Alfonso García Patiño
María Dolores Pan Lesta	Óscar Alfonso García Patiño
María Carmen Pan Matos	Óscar Alfonso García Patiño
Patricia María Parceros Quiñoy	Diego Alcantarilla Rei
Diana Piñeiro Fernández	Diana Piñeiro Fernández
María Mercedes Prieto Lamas	Diego Alcantarilla Rei
María Teresa Prieto Miramontes	Diego Alcantarilla Rei
Ana Rodríguez López	Diego Alcantarilla Rei
Raúl Varela Fraguío	Diego Alcantarilla Rei
Rubén Vázquez Pérez	Diana Piñeiro Fernández
Juan González Leirós	Óscar Alfonso García Patiño

A secretaria da Mesa de Idade informa que, á vista do resultado da votación (9 votos a prol de D. Diego Alcantarilla Rei; 7 votos a prol de D. Óscar Alfonso García Patiño; e 5 votos a prol de D.<sup>a</sup> Diana Piñeiro Fernández), ningún dos candidatos obtén a maioría absoluta, polo que corresponde proclamar electo ao candidato da lista máis votada.

Seguidamente, á vista do resultado da votación, o Sr. presidente da Mesa de idade proclama alcalde do Concello de Cambre ao candidato da lista electoral de UxC, D. Óscar Alfonso García Patiño.

#### **4.- XURAMENTO OU PROMESA E TOMA DE POSESIÓN DO CARGO DE ALCALDE**

**Acceso á videoacta – 00:26:34 horas**

Seguidamente o Sr. presidente da Mesa de idade, Sr. González Leirós, pregunta ao Sr. García Patiño se acepta o cargo de alcalde do Concello de Cambre, ao que o Sr. García Patiño responde que si. O Sr. presidente da Mesa de idade invítalle a que preste xuramento ou promesa de acatamento á Constitución.

D. Óscar Alfonso García Patiño presta promesa de acordo coa fórmula establecida polo Real decreto 707/1979, do 5 de abril.

O Sr. presidente da Mesa de idade declara que cumprimentada a promesa de acatamento á Constitución, queda posesionado do cargo de alcalde do Concello de Cambre D. Óscar Alfonso García Patiño, entregándolle o bastón de mando, como símbolo das atribucións propias do cargo, ocupando de seguido a cadeira presidencial o Sr. García Patiño e abandonando o presidente e o vogal a Mesa, que queda disolta, e ocupando os seus escanos.

Acto seguindo o novo alcalde dirixe unhas palabras a todos os presentes.

A continuación interveñen o Sr. Carballada Rodríguez, a Sra. Piñeiro Fernández, o Sr. Alcantarilla Rei e o Sr. Varela Fraguío.

#### **5.- CUMPRIMENTO DO ESTABLECIDO NO ARTIGO 36.2 DO REAL DECRETO 2568/1986, DO 28 DE NOVENBRO**

**Acceso á videoacta – 00:40:45 horas**

A continuación, con permiso da Presidencia, fai uso da palabra a Sra. secretaria xeral quen, unha vez concedido, informa que o artigo 36.2 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, establece que os secretarios e interventores tomarán as medidas precisas para que o día da constitución das novas Corporacións Locais se efectúe un arqueo e estean preparados e actualizados os xustificantes das existencias en metálico ou valores propios da Corporación, depositados na caixa municipal ou entidades bancarias, así como a documentación relativa ao inventario do patrimonio da Corporación e dos seus organismos autónomos.

Polo que respecta á Secretaría, di que está a dispor dos Sres./as concelleiros/as a documentación relativa ao inventario da Corporación, así como o informe emitido por ela, e dá lectura ao informe de Secretaría de data 16 de xuño de 2023 (CVD: mJs/1BLV/KmM1sv5a1fO), que transcrito di:



## “INFORME DE SECRETARÍA

Para dar cumprimento ao que dispón o artigo 36.2 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (en adiante, R.O.F.), emíttese o presente informe :

- 1.- O artigo 36.2 do R.O.F. dispón que o Secretario tomará as medidas precisas para que o día da constitución das novas Corporacións Locais estea preparada a documentación relativa ao Inventario do patrimonio da Corporación.
- 2.- Para cumprir coa obriga mencionada, e á vista do informe emitido pola técnica de xestión de administración xeral interina respecto da situación actual do Inventario de bens e dereitos, de data 31 de maio de 2023, emíttese o seguinte informe:

**Primeiro.-** Segundo datos obrantes nesta Secretaría, o Pleno da Corporación en sesión ordinaria realizada en data 29 de xuño de 2017 acordou aprobar o inventario de bens e dereitos do Concello de Cambre que ,segundo se indica na acta da dita sesión, se compón dos bens cuxas fichas se relacionan no referido acordo plenario.

Nas dependencias da Secretaría xeral consta un documento en papel que leva por título “ Inventario de Bens e Dereitos municipais Concello de Cambre”, cuxas fichas figuran asinadas por quen foi a Secretaría xeral deste Concello. Os datos obrantes nos tomos que compoñen dito documento non coinciden exactamente coa relación das fichas que figuran no acordo plenario citado . Así, do exame da documentación sinalada despréndese que os bens e dereitos relacionados no acordo plenario de aprobación do inventario non se atopan reflectidos na súa totalidade no arquivo físico e viceversa. Tamén se dispón dunha aplicación informática que serve de soporte ao inventario.

Segundo a comprobación do inventario da que se dou conta na sesión constitutiva da Coporación municipal de data 15 de xuño de 2019 pola Secretaria actuante na dita sesión ( a mesma que na sesión na que se aprobou o inventario o 29 de xuño de 2017) o desglose do inventario de bens e dereitos do Concello de Cambre que figura reflectivo na acta da dita sesión constitutiva é o seguinte:





CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

EPIGRAFES	Numero de Bens e dereitos que comprende	Folios	Valoración
<b>1º Inmables</b>			
EPIGRAFE 1A - FINCAS URBANAS .....	173	1 al 173	191.885.645,51 €
EPIGRAFE 1B - FINCAS RUSTICAS .....	127	1 al 127	9.691.103,41 €
EPIGRAFE 1C - VIAIS MUNICIPAIS .....	505	1 al 505	5.278.795,82 €
EPIGRAFE 1D - OUTROS BENS .....	132	1 al 132	264.743,37 €
<b>EPIGRAFE 1E - CESIÓNS A VIAIS E COMPRA DE TERREOS A VIAIS</b>			
1E1 - Cesiões obrigatorias a viais .....	242	1 al 242	851.016,75 €
<b>EPIGRAFE 1F - INFRAESTRUCTURAS</b>			
1F2 - Saneamento .....	23	1 al 23	6.910.894,33 €
1F3 - Abastecemento .....	25	1 al 25	22.322.338,59 €
1F1 - Alumeadado .....	138	1 al 138	5.858.020,00 €
<b>2º Dereitos Reais .....</b>	17	1 al 17	41.181,00 €
<b>3º Mobles de Carácter Histórico, Artísticos .....</b>	73	1 al 73	32.400,00 €
<b>4º Valores mobiliarios Creditos e Dereitos de carácter persoal.</b>			
EPIGRAFE 4A - CREDITOS E DEREITOS .....		1 al 0	€
EPIGRAFE 4B - VALORES MOBILIARIOS .....	1	1 al 0	4.200,00 €
<b>5º Vehículos .....</b>	26	1 al 26	350.548,00 €
<b>6º Semoventes .....</b>		1 al 0	€
<b>7º Mobles non comprendidos nos anteriores enunciados.</b>			
EPIGRAFE 7.1 - BENS SIMPLES .....	664	1 al 664	566.536,58 €
EPIGRAFE 7.2 - BENS POR CANTIDADE .....	254	1 al 254	194.520,24 €
<b>8º Bens e Dereitos revertibles .....</b>	5	1 al 5	€
<b>TOTAIS</b>			<b>244.251.943,60</b>

Ascende o valor total dos bens e dereitos pertencentes a esta Corporación, na data de confección do presente inventario, á cantidade de euros 244.251.943,60 €

**Segundo.-** Polo Pleno da Corporación en sesión de data 25 de abril de 2019 acordouse incluír no inventario de bens e dereitos diversos camiños.

**Terceiro.-** O Pleno municipal, en sesión extraordinaria de data 16 de maio de 2019 adoptou acordo relativo á rectificación do inventario, incorporando e dando de baixa os bens inmables e dereitos reais ou gravames sobre os mesmos, así como os vehículos, incorporando ao mesmo tempo as melloras nos bens inmables como consecuencia dos proxectos executados tal e como consta no dito acordo.

**Cuarto.-** En data 25 de febreiro de 2021 o Pleno da Corporación en sesión ordinaria acordou a inclusión de diversos camiños no Inventario de bens e dereitos do Concello de Cambre e modificar o trazado codificado no Inventario ao número 1C.1.0232.

Segundo consta na acta da referida sesión, polo que respecta á maior parte dos camiños cuxa inclusión se acordou, se indica expresamente que “.....deberá procederse de forma inmediata á individualización do camiño, determinando as súas características, que deberán ser ratificadas polo Pleno da Corporación...”. Non obstante, non ten constancia esta Secretaría, agás erro ou omisión involuntaria, que se levase a cabo a dita determinación das súas características nin consta acordo plenario de ratificación.

Ademáis do anterior debe destacarse que todas as altas, baixas e modificacións acordadas nos acordos plenarios citados (de 25/04/2019, 16/05/2019 e 25/02/2021) non se trasladaron nin ao exemplar en papel do Inventario nin á aplicación informática.

En atención ao exposto, tendo en conta a discordancia existente entre a relación de fichas que figuran no acordo plenario de aprobación do Inventario de bens e dereitos e o documento en soporte físico e entre este e os datos da aplicación informática que lle da soporte, ademais de que as modificacións acordadas nos acordos plenarios posteriores non se reflectiron no mesmo, infórmase que o inventario non se atopa actualizado, ao non constar todas as altas, baixas ou variacións patrimoniais resultado da xestión do Concello, polo que se informa da necesidade de proceder á súa actualización.»

De seguido, con permiso da Presidencia, intervén a Sra. interventora municipal quen dá lectura á acta de arqueo do día de hoxe, que transcrita di:

### «ACTA DE ARQUEO

#### ARQUEO EXTRAORDINARIO FEITO POLO CAMBIO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL O DÍA 17 DE XUÑO DE 2023

En cumprimento do disposto no artigo 36.2 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o día da constitución da nova Corporación municipal procedeuse a facer un arqueo do saldo das contas que o Concello de Cambre ten abertas nas entidades de crédito e da Caixa da Corporación.

Con esta finalidade, sacáronse a través da banca electrónica certificados do saldo das contas ao peche do día 16 de xuño de 2023. No caso das contas do Banco Santander e do Banco Sabadell, como non se puideron obter os certificados do saldo ao peche a través desta vía, foron emitidos por estas entidades, en horario de oficina, co saldo ás dúas da tarde.

#### CONTAS CORRENTES

ENTIDAD	CUENTA	SALDO
Banco Bilbao Vizcaya Argentaria S.A.	0182 6244 45 0010000306	17.923,33 €
ABANCA	2080 0048 29 3110000050	171,03 €
ABANCA	2080 5531 09 3110000158	8.154.369,53 €
Santander, S.A.	0049 3063 37 2114003540	31.477,15 €
Caixabank, S.A.	2100 2459 14 0200000804	49.295,05 €
Caixabank, S.A.	2100 2459 11 0200041152	4.791,05 €
Banco Sabadell	0081 2188 74 0001087919	328.110,55 €
Banco Sabadell	0081 2188 7500 01145115	1.033.591,71 €
<b>TOTAL EXISTENCIAS:</b>		<b>9.619.729,40 €</b>

#### CONTAS RESTRINXIDAS DE RECADACIÓN

ABANCA	2080 0048 26 3110000041	11.354,67 €
Santander, S.A.	0049 3063 32 2614106047	1.654,32 €
<b>TOTAL EXISTENCIAS:</b>		<b>13.008,99 €</b>

#### CONTAS DE CAIXA

Caixa Municipal	1	1.954,04 €
Caixa Museo	2	1.134,56 €
<b>TOTAL EXISTENCIAS:</b>		<b>3.008,60 €</b>





#### ANTICIPOS DE CAJA FIJA

Banco Bilbao Vizcaya Argentaria S.A.	0182 6244 44 0201553006	6.705,91 €
Caixa anticipo caja fija de servicios generales	2080 0048 22 3110000087	24.142,69 €
	Metálico	857,31 €
	Facturas pendientes de reintegro ACF	
	Pendiente justificar	
<b>TOTAL EXISTENCIAS:</b>		<b>31.705,91 €</b>

#### NÚMERO DE PRÉSTAMO

Banco Bilbao Vizcaya Argentaria S.A.	0182-6053-0895-45840402*	<b>36.319,12 €</b>
--------------------------------------	--------------------------	--------------------

\*Ante a imposibilidade de obter un certificado do préstamo, se saca a información da banca electrónica as 9:57 h. do día 17.06.2023.

#### CONTA DE DEPÓSITO

B. SABADELL	0081 2188 77 0000140916	<b>8.000.000 €</b>	:	»
-------------	-------------------------	--------------------	---	---

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, ás doce horas e corenta e oito minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.

Vº e praxe  
O presidente  
(Asinada dixitalmente)

Óscar Alfonso García Patiño

A secretaria xeral  
(Asinada dixitalmente)

Pilar María Pastor Novo